

## **GUÍA ORIENTATIVA PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS AO PREMIO “EDUCACOMPOSTELA”**

A continuación presentámosvos unha guía, de xeito orientativo, dos aspectos que convén que conteñan as propostas para os premios “Educacompostela”.

É importante que teñades en conta que non todos os materiais que se presenten ao premio teñen que conter os requisitos que aparecen a continuación, pero si é conveniente que cumprimentedes a maior parte dos mesmos co fin de axudarnos a comprender o propósito que motiva a elaboración dos materiais didácticos.

### **Contextualización do material**

É preciso especificar a quen está dirixida a proposta: se vai destinada a un determinado nivel educativo, se vai destinada fundamentalmente ao contexto formal, non formal, informal ou a ambos, etc. Cómpre contextualizar o material didáctico nas propostas do centro, na unidade didáctica, etc.

### **Experimentación**

Neste apartado pode clarificarse o proceso seguido, se se realizou a experimentación paralelamente ao deseño do material, se foi a posterior.., etc. Tamén é moi importante que se mencionen os resultados da experimentación.

### **Membros que participaron no desenvolvemento da iniciativa**

No caso de que participarades varios profesores/as no desenvolvemento da iniciativa, convén que clarifiquedes cuestións relativas á organización, que supuxo na vosa dinámica habitual de traballo, a aportación de cada un ao conxunto do material presentado, entre outros aspectos.

### **Implicacións**

¿Que implicacións ten o material para os distintos participantes na iniciativa? (Para vós mesmos, para os propios profesores/as, para os alumnos/as, para os pais e nais, etc.).

### **Obxectivos do material**

Os obxectivos deberán servir fundamentalmente de guía para axudar a comprender a qué propósitos responderon os materiais.

### **Fases na súa elaboración**

¿Como nace a iniciativa?, ¿por que nace?, ¿é continuación doutra anterior? ¿que etapas se poden identificar desde a decisión da súa posta en marcha ata a súa finalización?.

### **Estructura do material**

Aínda que é posíbel que no material a entregar poidamos percibir a estructura do mesmo, é conveniente que, na medida do posible, se xustifique e comente a estrutura do recurso presentado.

## Avaliación

¿De que maneira realizáchedes a avaliación do material? .

## Concreción do modelo pedagóxico do material

Convén mencionar o modelo de ensinanza e aprendizaxe en que subxace ao material que se pretende elaborar e o nivel de correspondencia entre dito modelo e os elementos que conforman o material educativo: obxectivos, proposta conceptual, selección e organización de contidos e actividades, etc.

## Dificultades e problemas

Estamos afeitos a avaliar positivamente aquelas iniciativas e materiais onde “todo foi ben”, “non houbo ningún problema” e o alumnado os utilizou sen dificultades, pero todos sabemos que emprender cambios na escola, deixar de utilizar materiais tradicionais e elaborar os propios, supón, entre outras cuestións, romper coa pasividade do profesorado, enfrentarse a resistencias nos centros, a unha cultura de utilización pasiva dos materiais didácticos, etc. Todo isto implica sen lugar a dúbidas problemas, dificultades e esforzos no profesorado e nos centros que é necesario recoñecer no proceso de elaboración e posta en práctica do material.

## Bibliografía

Sempre e cando sexa posible especificarase cales foron os materiais e as fontes consultadas que axudaron a concibir o material.

## Conclusóns

Neste apartado poderían considerarse, entre outras, as seguintes cuestións:

- ¿Que aspectos foron os más positivos e os más negativos desta experiencia?
- ¿En que axudou aos membros do equipo a realización desta experiencia desde unha perspectiva profesional?.
- ....

## IMPORTANTE

É moi importante que ao presentar as propostas para a convocotaría deste premio, se pense no propio material elaborado. É moi probábel que nalgúns casos os materiais formasen parte de experiencias más amplas ou que lles servisen de apoio. Pero para a presentación dos premios hai que centrarse no que supuxo o propio material.

Non se busca aqueles materiais que sexan máis “perfectos” desde o punto de vista formal (aínda que tamén lle concedemos o seu valor), senón que nos interesa coñecer aquelas experiencias en que o material elaborado facilitara o traballo dos/as profesores/as e a aprendizaxe dos/as alumnos/as, que axudaron a traballar determinados temas no contexto dos centros de Galicia e na nosa comunidade e que nos axudaron a romper coa pasividade á que nos ten afeitos o libro de texto.